



CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as por 3 anos**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar dun centro de máis de 8 unidades.

2.- Son electores todos os alumnos/as matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 15 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 16 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 19 de novembro, ás 11:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o **19 ao 24 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 25 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.



IES MestreLandín
Pazo da Raña, s/n 36915 – Marín
T: 886151315 Fax:86151323
ies.mestre.landin@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesmestrelandin



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o día **26 de novembro**, de 09:30 a 13:50 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:20 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 **nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o alumnado matriculado no centro.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Marín, 5 de novembro de 2021

A directora do centro
Presidenta da Xunta Electoral,

Asdo.: Ana M^a Dios González